

Praza número: 25/1031

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 9:30h horas do 28 de xullo de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai vulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Manuel Alberto Gómez Suárez

Secretaría: Elvira Lindoso Tato

Vogal: Jesús Mirás Araujo

Rep. Trab. (s/voto): José Antonio Seijas Macías

Na Coruña, a 28 de xullo do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/1031

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Economía Aplicada e Historia Contemporánea.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA.

I.1. EXPEDIENTE ACADÉMICO (GRAO, MÁSTER, OU LICENCIATURA).

Entenderase como pertencente á especialidade de coñecemento da praza a formación de grao ou licenciatura en estudos de Economía, Administración e Dirección de Empresas e Ciencias Empresariais.

A formación noutras áreas de estudo entenderase como non afín.

I.2. TESE DE DOUTORAMENTO

A comisión establecerá o grao de afinidade en función da información dispoñible; en particular, a rama ou especialidade de adscrición do programa de doutoramento e a área de coñecemento dos/das directores/as e das publicacións derivadas, entre outros.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

II.1. DOCENCIA UNIVERSITARIA EN TITULACIÓNS OFICIAIS. Puntuación máxima: 80 puntos

Neste caso entenderase que os méritos pertencen á especialidade de coñecemento da praza obxecto do concurso se a docencia se impartiu en calquera materia da área de Historia e

Praza número: 25/1031

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Institucións Económicas. Entenderase que os méritos pertencen á especialidades afíns se a docencia se impartiu en calquera materia das áreas de Economía Aplicada e Historia Contemporánea. A docencia impartida nas restantes especialidades de coñecemento entenderase como pertencente a especialidades non afíns.

II.2. CALIDADE DOCENTE. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro).

Criterios específicos de valoración:

- ✓ Libros publicados en editoriais académicas de recoñecido prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
 - Libro completo: 4 puntos
 - Capítulo de libro: 1 punto.
- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais académicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
 - Libro completo: 2 puntos
 - Capítulo de libro: 0,5 puntos.

Quedan expresamente excluídos deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

Criterios específicos de valoración:

Só se considerarán proxectos obtidos en convocatorias competitivas cun mínimo de 1 ano de duración.

- Internacionais ou nacionais: 1 punto por ano (coordinador), 0,5 puntos por ano (membro do equipo)
- Outros: 0,5 puntos por ano (coordinador/director), 0,25 puntos por ano (membro do equipo)

Participación en Grupos de Innovación Docente recoñecidos:

- Coordinador: 0,5 puntos por ano
- Membro do equipo: 0,25 puntos por ano

Estadías docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos).

Criterios específicos de valoración:

Valoraranse con 0,2 puntos por mes. Só se considerarán as estadías realizadas en centros de

Praza número: 25/1031

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

prestixio.

Mobilidade docente STA ou similares (máximo 2 puntos)

Valorarase con 0,2 puntos por mobilidade. Só se considerarán as mobilidades realizadas en centros de prestixio.

Artigos de docencia publicados en revistas académicas

- ✓ Ata 2 puntos por artigo publicado en revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS en función do cuartil no que se atope a revista.
- ✓ Ata 1 punto por artigo publicado noutras revistas indexadas en bases de datos distintas de SCOPUS e WoS.

Aplicaranse os seguintes coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores:

Número de autores/as	Coeficiente de ponderación (aplicado tamén se o artigo científico está publicado nun número da revista indexado na Web of Science ou Scopus)	Coeficiente de ponderación se o artigo científico non está publicado nun número da revista indexado na Web of Science ou Scopus
1, 2 ou 3 autores, neste caso segundo a posición dos autores, aplicarase o seguinte:		
Se o autor/a está na 1ª posición	1	0,5
Se o autor/a está na 2ª posición	0,75	0,4
Se o autor/a está na 3ª posición	0,5	0,3
Máis de 3, independentemente da posición:	0,25	0,25

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

Criterios específicos de valoración:

- Carácter internacional: ata 2 puntos
- Carácter nacional: ata 1 punto
- Outros: ata 0,5 puntos

Comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado).

Só se considerarán congresos organizados ou avalados por asociacións académicas ou científicas recoñecidas:

- ✓ 0,5 punto por comunicación presentada en congresos de carácter internacional,
- ✓ 0,25 puntos por comunicación presentada en congresos de carácter nacional ou autonómico.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores sinalados anteriormente.

Praza número: 25/1031

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

III.1. PUBLICACIÓN CIENTÍFICAS (ARTIGOS EN REVISTAS CIENTÍFICAS, LIBROS E CAPÍTULOS DE LIBRO). Puntuación máxima: 40 puntos

Criterios específicos de valoración:

Con respecto á afinidade á especialidade de coñecemento da praza, remitimos aos criterios de aplicación xeral anteriores.

Con respecto ao número de autores, remitimos aos criterios sinalados na táboa anterior.

Artigos de revista: con respecto á calidade, a puntuación outorgada será:

- ✓ 2,5 puntos por artigo publicado en revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS e aplicárase un coeficiente multiplicador en función do cuartil no que se atope a revista (Q1=1; Q2=0,75; Q3=0,5; Q4=0,25).
- ✓ Ata 0,5 puntos por artigo publicado noutras revistas indexadas en bases de datos distintas de SCOPUS e WoS.
- ✓ Ata 0,25 puntos por artigo publicado en revistas non indexadas.

Libros e capítulos de libro: con respecto á calidade, a puntuación outorgada será:

- ✓ Libros publicados en editoriais académicas de prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
 - Libro completo: 5 puntos
 - Capítulo de libro: 1 punto
- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais científicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
 - Libro completo: 2,5 puntos
 - Capítulo de libro: 0,5 puntos

III.2. COMUNICACIÓN EN REUNIÓN CIENTÍFICAS. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorárase cun máximo de 0,5 puntos.

Criterios específicos de valoración:

Aplicárase o seguinte coeficiente multiplicador segundo o carácter da asociación científica organizadora do congreso:

- Internacional de prestixio: 1
- Nacional de prestixio: 0,5.

Aplicáranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

Praza número: 25/1031

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

III.3. ESTADÍAS PRE E POSTDOUTORAIS. Puntuación máxima: 10 puntos

A valoración será de 0,25 puntos por mes (ou, no seu caso, parte proporcional).

Criterios específicos de valoración:

Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio.

III.7. ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

Criterios específicos de valoración:

Os informes técnicos realizados por encargo dunha institución pública ou privada de prestixio valorárase con 2 puntos se ten carácter internacional; 1 punto se ten carácter nacional; 0,5 se ten carácter autonómico, e 0,25 se ten carácter local.

Actividades de divulgación: ata 1 punto por cada mérito, segundo a súa relevancia e afinidade.

Na Coruña, a 28 de xullo do 2025

A presidencia da comisión